

## PENÉLOPE

Un paso adiante e outro atrás, Galicia,  
e a tea dos tes soños non se move.  
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.  
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos  
che estrolla o soño mol coma unha uva.  
Pero ti envólveste en sabas de mil anos,  
e en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día  
a xente que levaron. Deus é o mesmo.  
Suco vai, suco vén, ¡Xesús María!  
E toda cousa á de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,  
o tempo vai de Parga a Pastoriza.  
Vaise enterrando, suco a suco o Outono.  
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!

“Penélope” é o poema máis editado de Díaz Castro e no  
que denuncia a pasividade que hai neste país e, ademais,  
axudou a remover moitas conciencias.